

CONTRIBUCIÓN A UNHA SOCIOCRTICA DAS PRÁCTICAS FILOLÓXICAS

Xoán González-Millán

Hunter College/Graduate Center. CUNY

Is bibliotextual history possible, as a fine conjunction of literary, cultural, social, economic, material and behavioural history expressed in the world of the book? (McKenzie 1981, p. 90).

1. LIMITACIÓNS

Algúns dos principios que fundamentan o comportamento filolóxico, sobre todo as prácticas de fixación textual, e a intencionalidade autorial como un dos criterios básicos da súa lexitimación, están sendo cuestionados dende varios frontes, e a partir de formulacións que reclaman unha lectura máis dinámica e complexa dos fenómenos relacionados coa produción, transmisión e consumo dos textos. Estas novas propostas concédelle un maior protagonismo a aspectos fundamentais do proceso de produción e reprodución dos textos, tradicionalmente colocados fóra do ámbito das prácticas filolóxicas, ou todo máis considerados como anclares ou complementarios; por eso, a transmisión e o consumo de produtos culturais son acollidos neste marco cunha relevancia que contrasta abertamente coas prácticas filolóxicas predominantes¹.

Neste esforzo de renovación sobre as prácticas filolóxicas, no que están a colaborar grupos procedentes de distintos ámbitos académicos, poden acadar un lugar de privilexio as reflexións sobre experiencias como a galega, polas condicións mesmas nas que historicamente se viñeron desenvolvendo a súa produción, transmisión e consumo culturais, e porque a fixación de textos é unha práctica especialmente significativa en espa-

¹ Para unha visión de conxunto das varias tendencias que nas últimas décadas se veñen disputando o espacio das prácticas tradicionalmente asignadas á filoloxía pode consultarse Greetham, (1992a) e (1992b).

cios cun alto grao de deficiencia institucional, sobre todo cando están condicionados por unha intensa filoloxización cultural².

Os criterios e as perspectivas cos que se traballa para consolidar esta renovación paradigmática teñen aínda moito de provisional³. Pero nas últimas décadas foron aparecendo novas propostas e algúns estudos puntuais que permiten abrigar un fundado optimismo de cara a articular un marco epistémico e analítico para as prácticas filolóxicas dende as esixencias da sociocrítica. D. F. McKenzie e Jerome McGann, a partir dun horizonte de preocupacións moi parello, lideraron este cambio de derrota. En claro contraste co descriptivismo analítico predominante, o primeiro defendía na súa famosa “Panizzi Lecture” de 1985 unha “historical bibliography”, cunha énfase en cuestións relacionadas coa “dissemination and readership as matters of economic and political motive”, e coa interacción de “texts and society as an important source of cultural history”, en detrimento das clásicas preocupacións filolóxicas arredor da intención autorial e da autoridade textual (1986, pp. IX-X). Nun traballo anterior, D. F. McKenzie formulara xa un horizonte paradigmático moi semellante, centrado nunha serie de cuestións: “The verbal preoccupations of literary and textual criticism, the material concerns of historical bibliography, and the economic and social dimensions of production and readership” (1981, p. 82). Un modelo capaz de dar conta de cada unha destas dimensións e das súas interrelacións sería un paso fundamental para establecer os termos dun efectivo diálogo entre o mundo da filoloxía e o da socioloxía da cultura. O resultado sería unha socioloxía do texto, á que o mesmo McKenzie lle asigna como ámbito de investigación dúas cuestións: “what, exactly, an author in his own age did say to his readers and how he and his printers directed them to respond” (1981, p. 123)⁴.

Jerome McGann camiña por vieiros moi semellantes ao propoñer a lei do cambio como epítome da condición textual:

The textual condition’s only immutable law is the law of change. It is a law, however, like all laws, that operates within certain limits. Every text enters the world under determinate sociohistorical conditions, and while these conditions may and should be variously defined and imagined, they establish the horizon within which the life histories of different texts can play themselves out. The law of change declares that these histories will exhibit a ceaseless process of textual development and mutation –a process which can only be arrested if all the textual transformations of a particular

² Ver Antón Figueroa (1988) para unha visión xeral sobre os procesos de filoloxización da cultura en situacións como a galega.

³ Os limiares de títulos tan significativos como *A Critique of Modern Textual Criticism* de J. McGann, e *Bibliography and the Sociology of Texts* de D. F. McKenzie, dúas obras fundamentais neste proceso de revisión sociocrítica dos estudos filolóxicos, dan unha idea das novas motivacións e preocupacións, pero tamén dos múltiples obstáculos cos que debe enfrontarse a articulación conceptual dunha sociobiblioloxía, un termo utilizado aquí como sinónimo de sociocrítica textual.

⁴ Ver Roger Chartier (1994) para unha proposta máis elaborada, a partir dun marco conceptual moi semellante.

work fall into nonexistence. To study texts and textualities, then, we have to study these complex (and open-ended) histories of textual change and variance. (1991, p. 9).

Non é difícil percibir a distancia entre este horizonte e o da concepción filolóxica predominante, paradigmaticamente sintetizada nun recente artigo de Francisco Rico, publicado en *El País* (14/9/1996), no que proclama: “La filología tiene como razón de ser, en resumidas cuentas, la función social de proteger, depurar y transmitir la parte más valiosa de la lengua de todos”. Esta declaración de principios é especialmente interesante porque se sitúa explicitamente nas funcións sociais da práctica filolóxica, que F. Rico sintetiza na protección, depuración e transmisión dunha determinada produción lingüística, a consagrada e lexitimada como propiedade común (é dicir, “de todos”). Destaca nesta concepción unha intención depuradora e selectiva, que ten como obxectivo último a fixación textual.

Ata hai moi poucas décadas, o **autor**, e posteriormente o **lector**, definidos e instrumentalizados en termos excesivamente absolutos, condicionaron a práctica filolóxica, que se veu obrigada a seguir dous vieiros: o dun paradigma creativista, articulado a partir do principio da intencionalidade autorial⁵; e o dun modelo da recepción, no que o lector aparece como o axente fundamental do proceso hermenéutico. As incisivas propostas de D. McKenzie e J. McGann nos anos 80 viñeron complicar os termos da polémica, ao resituarse a reflexión conceptual e heurística a partir duns principios que dificilmente aceptaban o **autor** ou o **lector** como criterios fundacionais, e moito menos dende unha formulación tan abstracta como a utilizada por determinadas propostas filolóxicas, que partían dunha moi cuestionable definición de intencionalidade autorial. A nova derrota das prácticas filolóxicas aproxímase, pola súa vontade e polas esixencias dunha razón sociocrítica, a un paradigma institucional máis integrador e consciente de tódolos elementos que configuran os fenómenos textuais como procesos socioculturais⁶.

2. A EDICIÓN CRÍTICA COMO PRÁCTICA FILOLÓXICA

Unha visión sintética da práctica filolóxica dominante permite identificar algúns dos seus presupostos. En primeiro lugar, fai intervir tres principios fundacionais e interdependentes: o da intencionalidade autorial, o da creatividade individual e o da inspiración **xenial** de determinados individuos; tres entelequias que o filólogo se ve obrigado a restaurar. Por eso, e aquí radica outro presuposto, só son merecentes de edicións críticas

⁵ Ver Jerome McGann (1983) para unha crítica dos presupostos ideolóxicos da intencionalidade autorial.

⁶ Roger Chartier engade unha útil precisión a esta nova lectura do fenómeno bibliolóxico: “To consider ... that all works are anchored in the practices and the institutions of the social world is not to postulate any general equivalence among all the products of the mind ... The essential game is being played ... in the complex, subtle, shifting relationships established between the forms (symbolic or material) proper to works, which are unequally open to appropriation, and the habits or the concerns of the various publics for those works” (1994, p. XI).

os textos que unha determinada comunidade de lectores considera dignos dun tratamento semellante (Este principio selectivo, un dos máis cuestionados polas novas propostas sociocríticas, condiciona os criterios de aproximación aos textos editados, e sobre todo tende a universalizalos, restándolle a historicidade que, en principio, parece ser un dos obxectivos da práctica filolóxica). O corolario que se segue do indicado é que moitos produtos textuais non son dignos dunha edición crítica, por carecer do capital cultural necesario para ser canonizados (Esta práctica selectiva pon de manifesto o círculo vicioso que determina en gran medida o paradigma filolóxico: un texto é aceptado como canónico cando é merecente dunha edición crítica, e simultaneamente só é digno dunha edición crítica se é considerado canónico). Son varios os criterios utilizados na selección dos textos sometidos á fixación filolóxica: a súa distancia cronolóxica; o grao de canonización do autor e/ou doutros textos do mesmo escritor; a pervivencia de diversas versións dun mesmo texto, que dificultan a súa utilización en certos ámbitos e problematizan a súa interpretación; o capital simbólico do texto (sobre todo en situacións nas que intervéñ de forma moi activa o nacionalismo literario); e o nivel de institucionalización e autonomía do campo literario e do corpus correspondente.

Outro dos presupostos da filoloxía é a obsesión por fixar o texto, mediante a recomendación dunha das súas posibles variantes históricas, a partir do principio da **perfección**: na medida na que a edición crítica supón a recuperación e consolidación canónica das versións e variantes seleccionadas para representar a hipotética intencionalidade autorial. Por paradoxal que pareza, a fixación textual, que en principio representa un intento de ubicar historicamente o texto en cuestión, ten como obxectivo seleccionar aqueles datos que, reducidos a unha función contextual, mellor axuden a entender a xenialidade do autor en cuestión (Prevalece aquí a figura do escritor individual fronte á súa imaxe social; e quedan fóra do periscopio metodolóxico, e por tanto silenciadas, múltiples áreas do espacio literario que son imprescindibles para unha comprensión da produción textual). A edición crítica ten sempre unha intencionalidade de acomodación e nivelación entre o texto e os hipotéticos lectores aos que vai destinada; por eso intenta facer accesible, mediante diversas técnicas de transcripción, un texto que pode resultar de difícil lectura, polas condicións mesmas da súa produción, ou pola distancia cronolóxica existente entre a época na que aparece o texto e a dos usuarios da edición crítica en cuestión. Finalmente, a filoloxía considerou a preparación dunha edición crítica como unha fase incuestionablemente positivista, previa e necesaria para articular as posteriores interpretacións, que sen ese traballo previo de fixación serían imposibles, ou cando menos cuestionables⁷. Tódolos aspectos sinalados apuntan a unha limitada concepción do proceso de constitución textual, basicamente reducida a unha hipotética e hipertro-

⁷ A imposición dun lindeiro infranqueable entre as prácticas filolóxicas e a crítica e historiografía literarias parte dun perigoso e deformante descoñecemento das inevitables interdependencias dos tres ámbitos. Por eso, unha sociocrítica textual propón un modelo que permita unha mellor e máis productiva articulación entre a filoloxía e as áreas de estudio tradicionalmente reservadas á interpretación e aos estudos de historia literaria.

fiada intencionalidade autorial, coa exclusión doutros axentes e institucións que, sen embargo, interveñen de forma efectiva neste proceso.

3. FIXACIÓN FILOLÓXICA E SOCIOCÍTICA TEXTUAL

Cada época histórica contribúe cos seus modelos interpretativos á fixación dos textos, aceptando en maior ou menor grao as lecturas previas ou reformulándoas para establecer as diversas dimensións dos textos cuns criterios propios, distintos dos utilizados por outras comunidades de lectores. ¿Que elementos fixa a filoloxía? Tradicionalmente, os códigos lingüísticos, marxinando ou reducindo ao silencio os bibliográficos propiamente ditos (os materias utilizados na confección do produto libro, a disposición formal destes mesmos elementos, a tipografía non-verbal, ou a disposición mesma dos espacios dentro do produto impreso). O recente xiro, exemplificado nas mencionadas propostas de McKenzie e McGann, obriga a recoñecer o papel fundamental destes últimos, e a través deles, a dimensión institucional de todo proceso textual⁸. Se a privilexiada condición dos códigos lingüísticos na práctica filolóxica está fundamentada en modelos interpretativos derivados do esteticismo individualista e do creacionismo dun xenio artístico, a relevancia dos bibliográficos reside no recoñecemento da materialidade social dos produtos textuais⁹. Esta condición adquire unha especial relevancia no novo paradigma dunha sociocrítica textual porque é interpretada como a inevitable mediación da dimensión significativa do texto, sen a cal a súa existencia sería imposible. É nela onde se inscriben as intervencións dos diversos axentes que fan posible a condición textual, a do escritor, a dos editores, a dos transmisores e a dos diversos tipos de lectores. En contraste co reduccionismo da fixación textual, baseada no principio da intencionalidade autorial, unha sociocrítica textual debe recrear o cambiante horizonte editorial do texto, que inclúe a socioxénese da súa materialidade, e as sucesivas lecturas que interveñen na súa configuración, incorporando tanto os procesos da produción como os da reprodución sociotextual.

D. McKenzie resalta de forma especial dous aspectos que cuestionan os fundamentos da práctica filolóxica predominante: o papel central dos textos “as recorded [social] forms”, asumido con igual grao de autoridade e conflictividade polo filólogo, o crítico e o historiador; e a actitude indiscriminada e inclusiva no estudio das diversas formas sociais da textualidade e no respecto ás diferentes versións que os usos históricos van xerando como resultado das sucesivas lecturas a que son sometidas as producións tex-

⁸ Pode consultarse González-Millán (1994) para unha lectura institucional da produción cultural galega nas últimas décadas.

⁹ Ademais dos traballos de Chartier, McGann e McKenzie, xa citados, poden consultarse Stillinger (1991) e Woodmansee e Jaszi (1994) para unha visión crítica sobre a construción ideolóxica da imaxe do escritor como **auctoritas**.

tuais anteriores. Insiste McKenzie nesta idea en varios momentos da súa “Panizzi Lecture” de 1985:

Historically, there can be no logical reason for editing one version any more than another. We can make aesthetic choices, but that is a different matter ... The only remaining rule seems to be that we must not conflate any one version with any other, since that would destroy the historicity of each ... History simply confirms, as a bibliographical fact, that quite new versions of a work which is not altogether dead, **will** be created, whether they are generated by its author, by its successive editors, by generations of readers, or by new writers. (1986, pp. 28-29. Subliñado no orixinal).

Este proceso comeza a adquirir especial visibilidade no mundo editorial galego das últimas décadas, nas que se observa unha consciente preocupación por comercializar determinados produtos bibliográficos en función de comunidades específicas de lectores. Esta nova dinámica queda perfectamente exemplificada nas versións de dous textos de Méndez Ferrín (*Amor de Artur/Fría Hortensia e Retorno a Tagen Ata*) que Edicións Xerais de Galicia prepara a mediados dos oitenta para a súa colección de literatura infantil e xuvenil¹⁰.

A partir deste novo horizonte de reflexión, a tarefa do sociobibliólogo perfílase en termos da análise dos riscos que as diversas recepcións sociais van identificando simultanea ou sucesivamente nos textos, e que se van inscribindo na súa materialidade social, mediante os correspondentes tratamentos filolóxicos. A hipótese, formulada por McGann (1991) de que os trazos das diversas comunidades de receptores están inscritos nos niveis máis materiais da textualidade fai inevitable a identificación e a análise destes colectivos, e o recoñecemento de todo texto como unha produción cultural heteroxénea, na que conflúen os máis dispares discursos sociais¹¹.

4. ÁMBITOS DE INVESTIGACIÓN PARA UNHA SOCIOCRTICA TEXTUAL

O novo horizonte de reflexión no que se instala a sociocrítica textual apunta a dúas cuestións centrais: ¿por que certos textos se prestan a múltiples e continuadas apropiacións? ¿que condicións posúen para que sexan sometidos a diversas materializacións

¹⁰ Aínda que a menor escala, este cambio é semellante ao sufrido pola *Bibliothèque bleue* do Antigo Réxime francés, e que Chartier sintetiza no seguinte proceso: “A text is transferred from one form of publishing to another, dictating both a transformation of the text and the constitution of a new public” (1994, p. 12). A dinámica deste proceso basease na hipótese de que todo texto, a pesar da súa aparente estabilidade verbal, adquire novos significados, e incluso un novo *status*, cando cambian os mecanismos utilizados na súa reprodución, transmisión e consumo.

¹¹ A relevancia da materialidade social de todo produto bibliográfico e as súas conexións co proceso do consumo cultural son dous aspectos sinalados tamén por Roger Chartier; sobre o primeiro afirma: “Historians of literary works and historians of cultural practices have become aware of the effects of meaning that material forces produce ... This means that ... keen attention should be paid to the technical, visual, and physical devices that organize the reading of writing when writing becomes a book” (1994, p. IX).

editoriais? Unha posible resposta apunta ás complexas relacións existentes entre a estrutura dos textos, condicionados por diferentes graos de apropiación diacrónica, e as múltiples determinacións, institucionais e formais, que regulan as súas posibles aplicacións aos diferentes contextos socioculturais e históricos.

Consonte esta concepción da dinámica sociotextual, a filoloxía está obrigada a facer dialogar tres sistemas de codificación: o lingüístico propiamente dito, no que tradicionalmente se ten concentrado a práctica filolóxica; o bibliográfico, un instrumento privilexiado para estudar a complexidade da condición social dos textos, como xa queda indicado; e o sistema de codificación representado polos indicadores da transmisión e do consumo que se van inscribindo no espazo textual mesmo para facelos accesibles a determinadas comunidades de lectores. As relacións entre os tres, con ser moi estreitas, non deben facer descoirdar a especificidade de cada un deles, nin os procesos constituíntes que lles son propios.

Unha renovación semellante dos ámbitos da ecdótica privilexia cuestións centradas na diseminación informativa (textual) protagonizada polas diversas comunidades de lectores como unha práctica socioeconómica e política, e nas relacións entre os textos e a sociedade como un aspecto relevante da produción cultural. Nesta nova formulación o criterio da intención autorial perde o poder determinante que tradicionalmente ten exercido sobre as prácticas filolóxicas. Unha relegación semellante non debe ser interpretada, sen embargo, como unha redución á irrelevancia dos diversos procesos da produción textual, senón como o recoñecemento dunha inevitable reconceptualización deste ámbito de investigación. O que o escritor pensa que está facendo cando escribe é unha cuestión ineludible, pero tamén o é, como subliña McKenzie, “what printers and booksellers [thought they were doing] in designing and publishing [written texts], or readers in making sense of them” (1986, p. 10).

Este esforzo renovador e expansivo segue dúas vías de actuación: dunha banda, unha expansión do repertorio das modalidades de produción textual; e doutra, o recoñecemento de espazos de actuación e intervención sociocultural previamente silenciados ou considerados irrelevantes. A sociobiblioloxía tende ao inclusivismo porque acepta como obxecto de investigación todo tipo de produtos textuais e non só os tradicionalmente clasificados como ‘literarios’ ou lingüísticos. Nas últimas décadas, e dende as perspectivas máis diversas, formuláronse definicións de **texto**. Especialmente apropiada para a articulación dunha sociocrítica é a que propón D. F. McKenzie, ao considerar “texts as recorded forms” (1986, p. 4); a partir desta demarcación conceptual, na que conscientemente se eluden as referencias lingüísticas, poden, e deben, ser incorporadas como obxectos de estudo sociobibliolóxico múltiples **formas** sociais, que el mesmo se encarga de enumerar: “I define **texts** to include verbal, visual, oral, and numeric data, in the form of maps, prints, and music, of archives of recorded sound, of films, videos, and any computer-stored information, everything in fact from epigraphy to the latest forms of discography” (1986, p. 5). McKenzie engade que os estudos bibliográficos (curiosa-

mente aínda mantén o termo “bibliography” para aludir ao estudio dos textos “as recorded forms”) deben dar conta dos procesos de produción, transmisión e recepción textual; se isto é así, o sociobibliólogo está obrigado a considerar a distinción entre **manuscrito** e **libro**, para explicar as diversas fases de produción textual, sobre todo nas épocas de intensificación da comercialización do mundo editorial. Esta expansión das tipoloxías textuais repercute na súa xerarquización, con consecuencias directas para a revisión das distincións entre textos canónicos e noncanónicos, e para unha democratización da produción textual. En canto aos mecanismos de produción cultural, a proposta sociobibliolóxica, vía D. F. McKenzie, e en contraste coa mínima atención que se lles ten prestado tradicionalmente, resalta a composición, o deseño e os procesos de transmisión nos que interveñen escritores, impresores e editores; os canles de diseminación a través das diferentes comunidades de recepción, controlados polas axencias de distribución e pola eficaz intervención do sistema educativo; a súa preservación e clasificación arquivística; e a súa recreación polos diversos grupos de lectores.

O recoñecemento destes ámbitos de investigación como relevantes evidencia que o paradigma institucional é o máis apropiado para articular unha macrointerpretación da produción textual, e por tanto, para reformular as cuestións que, con maior ou menor acerto, leva propoñendo a práctica filolóxica. Se unha teoría bibliolóxica non pode deixar de lado estas áreas de intervención é porque nelas se pode documentar o protagonismo dos actores sociais mencionados e porque obrigan a traballar cunha visión máis complexa do espacio sociocultural cando se estudia a produción e a reprodución institucional dos discursos sociais, entre eles o literario. Así McKenzie, ao enmarcar os estudos filolóxicos no ámbito da historiografía do libro, reivindica un horizonte de reflexión no que adquire sentido o estudio das motivacións sociais, económicas e políticas do mundo editorial, os intereses que prefiguran determinadas lecturas, as razóns socio-históricas que promoven a reescritura e a reconfiguración de determinados textos e as que levan á desaparición e ao silencio doutros moitos (1986, p. 5). Detrás desta proposta está unha visión moi específica do **libro** como un fenómeno integral, no que se dan a man unha serie de elementos que o mesmo McKenzie identificara uns anos antes: “a material statement in which all its elements participate, a comprehensive rhetorical structure articulating an extremely complex set of relationships between author, book-seller, printer and reader in specific and definable historical contexts” (1981, p. 83).

O maior desafío nesta nova forma de enfocar os procesos de produción bibliográfica, como en todo estudio da produción e consumo culturais, é o da identificación e análise dos seus graos de autonomía, e os procesos institucionais que, ao mesmo tempo que garanten a súa relativa independencia, facilitan as súas conexións cos demais ámbitos sociais. Por eso, a sociobiblioloxía está obrigada a dar conta non só da produción, entendida en termos que nada teñen que ver coa visión reductiva da intencionalidade autorial, senón tamén da transmisión e do consumo dos textos nunha proxección simultaneamente diacrónica e sincrónica. En última instancia, trátase de superar os paradig-

mas dunha filoloxía regresiva mediante unha sociobiblioloxía progresiva, na que o concepto de intencionalidade autorial cede gran parte do seu papel determinante ao papel testemuñal dos produtos textuais representado polos seus ‘usos históricos’ (visión diacrónica) e ‘sociais’ (visión sincrónica).

Aínda que a práctica filolóxica predominante distingue entre varias fórmulas de fixación textual, todas eles coinciden nun obxectivo final: asegurar a identificación da versión máis fiel á intencionalidade autorial. Aquí reside, como queda indicado, unha das maiores diferencias coa sociobiblioloxía, que cuestiona a privilexiada condición da intencionalidade autorial e rexeita a fixación textual como obxectivo do proceder filolóxico. Unha das consecuencias da nova forma de encarar o fenómeno da textualidade é o respecto co que debe ser tratada cada versión, á que se lle recoñece unha identidade específica e unha individualidade sociohistórica, marcadas ambas polos factores sociais que actúan na produción, transmisión e consumo dos produtos textuais. Para D. F. McKenzie: “Definitive editions have come to seem an impossible ideal in the face of so much evidence of authorial revision and, therefore, of textual instability. Each version has some claim to be edited in its own right, with a proper respect for its historicity as an artefact” (1986, p. x).

En sociedades cun alto grao de filoloxización, é dicir, condicionadas pola obsesión da fixación textual, as variantes e versións son, se non silenciadas, polo menos relegadas a un segundo plano, porque a estabilidade de determinadas mensaxes textuais é considerada como unha condición fundamental para a pervivencia dunha sociedade que vive ameazada de disolución como colectivo culturalmente diferenciado. Esta observación obriga a considerar a posibilidade dun alto nivel de filoloxización como o indicador dunha deficiente institucionalización da produción cultural, como soubo ver Antón Figueroa no traballo xa citado para situacións como a galega. Non é difícil imaxinar a fixación textual como trasunto da imposición dunha normativización cultural, sobre todo se se acepta a hipótese de que a forma máis eficaz de transformar un texto en produto cultural é someténdoo a unha fixación filolóxica. Tampouco son impensables as tensións entre ambos procedementos, se son analizados como exercicios de lexitimación social e de canonización estética. Os intereses que os moven poden non coincidir e incluso contradicirse, xa que a filoloxización textual non esgota tódalas manifestacións de lexitimación sociotextual. A única forma de dilucidar esta cuestión é identificando e analizando os obxectivos e os criterios utilizados na fixación textual e na normativización cultural, e o comportamento das institucións que nelas interveñen¹².

¹² Comparar o repertorio dos textos que son fixados filoloxicamente e o dos que son sometidos a unha normativización lingüística, dentro dun determinado sistema literario, pode ser un proxecto iluminador non só para precisar a especificidade de cada un deles senón tamén para identificar as relacións de interdependencia

O grao de complexidade dun proceso como o do tratamento filolóxico só adquire relevo cando é observado como un fenómeno multidimensional, no que conflúen varias intervencións normativizadoras, e non só a lingüística, como se presupón xeralmente. Xa quedou apuntado máis arriba que a fixación textual está estreitamente relacionada coa lexitimación social e coa canonización estética dos produtos culturais: as tres dinámicas representan outros tantos momentos dun complexo proceso no que a primeira xoga un papel determinante como instrumento de normativización, porque establece as normas de interpretación na lectura social dos textos. O resultado final é unha visión filolóxica da cultura, na que intervéñ cunha especial efectividade o principio da fixación textual. Aínda que se trata dunha preocupación compartida por culturas **maiores** e **menores**, ten unha especial incidencia en situacións socioculturais como a galega, que inviste nesta avaliación da súa propia produción e reprodución culturais moito do seu limitado capital cultural.

A práctica da fixación textual, representada de forma exemplar polas edicións críticas, é un ámbito especialmente útil para articular unha teoría social do texto, porque nela opera cunha especial intensidade a autoconciencia sociohistórica que está nas orixes de toda produción textual. Por eso, a específica contribución da crítica filolóxica á historia social da literatura debe figurar entre as áreas de investigación prioritarias da historiografía literaria galega. Un proxecto semellante debe articularse arredor dunha serie de aspectos: o grao de determinación ou condicionamento que o tratamento filolóxico exerce sobre as interpretacións dalgúns dos textos literarios máis relevantes dunha determinada comunidade de lectores; o inventario dos textos literarios sometidos a algunhas das variedades de filoloxización, en canto indicador dos procesos de lexitimación social e canonización estética; as dimensións da historiografía literaria directa ou indirectamente relacionadas coa práctica da fixación dos textos, as específicas dificultades historiográficas nas literaturas **menores** e o seu reflexo no tratamento filolóxico de fixación dos textos literarios; as relacións entre a fixación textual e a canonización de determinados textos e autores, segundo épocas, movementos e xéneros; e as condicións en que se desenvolveron as diversas modalidades de edicións textuais na fixación da literatura galega, sobre todo na época moderna.

Este marco de reflexión leva a unha serie de inescusables preguntas: ¿De que forma as deficiencias institucionais do campo literario galego lle afectan ás prácticas filolóxicas? ¿Cales son os maiores desafíos que os textos literarios galegos e a dinámica mesma do campo literario que os produce lle presentan á filoloxía tradicional? ¿En que medida unha produción literaria como a galega podería contribuír á configuración dunha sociobiblioloxía? As diferentes respostas a estas cuestións probarían que a historia da ecdótica galega, e o estudio dos criterios filolóxicos por ela utilizados, son vías de investigación fundamentais para concretar as relacións entre a institucionalización social do

campo literario e a fixación filolóxica do corpus correspondente. Se do que se trata, en última instancia, é de **descubrir** os significados dun determinado texto, parece inescusable a análise dos múltiples factores socioculturais que fixeron e fan posible a articulación da súa produción como obxecto cultural.

BIBLIOGRAFÍA

- Chartier, Roger (1994), *The Order of Books, Readers, Authors, and Libraries in Europe between the Fourteenth and Eighteenth Centuries*, trans. Lydia G. Cochrane, London, Polity Press.
- Figuroa, Antón (1988), *Diglosia e texto*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia.
- González-Millán, Xoán (1994), “Do nacionalismo literario a unha literatura nacional. Hipótesis de traballo para un estudio institucional da literatura galega”, *Anuario de Estudios literarios*, pp. 67-81.
- Greetham, D. C. (1992), *Textual Scholarship. An Introduction*, New York, Garland.
- Greetham, D. C. (1992), “Textual Scholarship”, en *Introduction to Scholarship in Modern Languages and Literatures*, New York, Modern Languages Association, pp. 103-137.
- McGann, Jerome (1983), *A Critique of Modern Textual Criticism*, Chicago, The University of Chicago Press.
- McGann, Jerome (1991), *The Textual Condition*, Princeton (N. J.), Princeton University Press.
- McKenzie, D. F. (1981), “Typography and Meaning: The Case of William Congrave”, en *Buch and Buchhandel in Europa im achtzehnten Jahrhundert/The Book and the Book Trade in Eighteenth-Century Europe*, Hamburg, Dr. Ernst Hauswedell & Co., pp. 81-125.
- McKenzie, D. F. (1986), *Bibliography and the Sociology of Texts*, London, The British Library.
- Rico, Francisco (1996), “‘Por Hepila Famosa’ o cómo no editar el Quijote”, *El País*, 14 de septiembre.
- Stillingner, Jack (1991), *Multiple Authorship and the Myth of Solitary Genius*, New York and Oxford, Oxford University Press.
- Woodmansee, Martha and Peter Jaszi (eds.) (1994), *The Construction of Authorship. Textual Appropriation in Law and Literature*, Durham and London, Duke University Press.